

## “Complexa operación”

Por Ramón Díaz Raña

“*Dóete de min*”. “*Dóete de min*”. Que pesadelo!... Cando ía á horta buscar un repolo, miraba para el e no meu corazón sentía ese lamento. Se ao día seguinte acompañaba a algún morto ao cemiterio e me cadraba erguer a cabeza e ollar para el, volvía ouvir a mesma queixa: “*dóete de min*”, “*dóete de min*”. De noite, sen espertarme, ás veces soñaba con el. O verme roíame. Tamén **José de Gómez** (Cornide), cando nos veu arar coas súas vacas a terra para as patacas, parou diante del, e ao velo tan esmirrado xuntou as mans como rezando e musitou: “*pobriño ... quen te viu e quen te ve!*”. A Marela, ao escoitalo, deulle cos cornos nos cadrís e José tirou para adiante decatándose que tamén o podían dicir del. Pasara toda a vida aforrando, e –segundo murmuraban os veciños– non casara por non desgastar os trebellos que Deus lle regalara. Pero ... que boas persoas José, María e Paco!

O verme seguía roéndome; forzábame a buscar remedio a tanta pobreza. Unha mañá collín a chave, entrei, non vin nada; esperando, sentei na porta. Daquela contoume: “*Fun sinal de riqueza e poder. Agora aquí me tes só e abandonado. Nin os ratos me visitan. Vén case todos os días un condenado gorrión, deixa a cagada encima da calva e ponse a cantar burlándose da miña vellez. Sácame de aquí, por favor. Quero vivir*”. Cavilaba eu que triste ten que ser verse pobre, desvalido, desprezado ... habendo gustado de riqueza e de fachenda . Erguinme, entrei de novo; de xeonllos e sen que ninguén me vira asenteille coa man no peito: “*Xúroche que ti has dar que falar ... que cho digo eu. Aínda non se acabaron os Quixotes*”. El deixouse querer; pero o xuramento – como todos os xuramentos de namoros– custoume noites sen durmir.

Escribín a xente importante pedindo remedio e auxilio para este pobre esfarrapado. Solicitud do 1981. Encargueille a **Pepe**, o fotógrafo, que mo fotografara polo dereito e polo revés, por dentro e por fóra, pola cabeza e polos pés. Que nada quedara sen que se vira nas fotos. Fíxomas como para una exposición. De tanto ollalo e apalpalo recoñecía todos os seus osíños. Sabíaos de memoria: estes son dos pés, aqueles da cabeza; estas

as costelas da dereita, aquelas as da esquerda. Acabei que xa non me facían falta as fotos. Sen precisar de escáner víao todo na miña cabeciña. Canto colle nunha cabeza compasiva e namorada!

Púxose nas miñas mans. Autorizoume a facer con el o que mellor fora; o mesmiño que fan os escangallados co compostor. A operación ía ser laboriosa; non tiña título de cirurxián, pero si de inexperto compostor por mor dalgunhas vidiñas que recompuxera. Constituínme en director da operación grazas sobre todo aos méritos do meu atrevemento. Chegou o día. Isto debeu ser na primeira quincena de xuño do 1986; a cepa xa a preparáramos por maio do 85. Díxenlle con autoridade: *“Ímonos de aquí”*. Nunca tal se vira. Por iso no adro había testemuñas con ganas de certificar quen fora o asasino. Mentres o tractor ía e viña cargado de osos. E o compostor ordenando: *“colle aquel”, “deixa este aquí”, “aparta un pouco aqueloutro”* ... E o enfermo, anestesiado, acabou durmindo deitado na mesa do quirófano preparado con area de Pontedeume na explanada do adro. Algúns compostores, de moita máis sona ca miña, achegábanse a ver se respiraba; entre eles estaba **Medardo de Ferreira** que lle di a **Manolito**: *“Está máis que morto e D. Ramón non vai ser quen de o recompoñer”*. Foi o diaño quen me mandou erguer a cabeza e mirar para eles nun descanso da operación. Desde lonxe as palabras non se senten, pero os xestos ... vaia se falan!

Ademais eu fora tan atrevido –por non chamarme inconsciente- que non numerara as pezas que polo visto e segundo determinan as normas hai que facer antes de toda operación que se teña por tal; non vaia ser que despois se confunda un oso cunha tesoirá. Claro que os outros compostores descoñecían o trato que eu fixera co operando: avisaríame se por un despiste meu colocaba na cabeza un oso dos pés. Compromiso que despois non cumpriu.

Durmiu durante meses no adro; ata maio de 1987. Os mal pensados aseguraban cando viñan a algún enterro: *“Pois non se levanta”*. O motivo do seu longo sono non foi a morfina da anestesia. Resultou que **Arturo**, feita a cepa, (maio 85) enfermou. O seu mal non era de operar, que se non coa experiencia que eu ía collendo ao mellor me prestaba. Pasaron meses. Nin Arturo melloraba, nin o enfermo se erguía. Contaxio.

O asunto obriga a tomar medidas, non fora ser que eses osiños por falta de exercicio empezaran a perder calcio e se romperan sos, cubertos coa herba do adro, ou tamén que outros compostores por envexa viñeran facer algunha falcatruada. De todo hai. Falo co meu irmán **Alfonso**. El fixera a Mili en Burgos destinado por recomendación na enfermería. Tiña a especialidade de “*Coce agullas*”; de pouco nos servía para o caso. Ademais era unha especialidade case en desuso. Comentamos o caso. Non lle asustou a tarefa. Entre os dous tomámoslle o pulso, comprobamos que non había ningún oso fracturado e decidimos comezar a espertalo. Foi todo a modiño, coma quen non quere, e, por suposto, sen avisar a ningún outro compostor.

Xa sabía que para que a porta cadrara onde agora está tiñamos que facerlle un xiro e poñer a cabeza no sitio dos pés. Os especialistas en cranoloxía dixeránme que iso era, se non imposible, moi difícil para inexpertos. Pero iso mesmo comentouse que lle pasara a un Doutor Cirurxián de Mondoñedo, médico meu cando non precisaba médicos, e pai dun traumatólogo famoso por ser compostor real. Polo visto cando a Guerra Incivil recibía soldados escangallados. Aguilloado pola necesidade en procura de remedios e polas ganas de aprender, atrevíase con todo. Pois o mesmo nos pasaba a nos. As ansias por aprender eran tan grandes como as ganas de comer nun famento.

Tomábamos medidas a cada paso; os osiños tiñan que encaixar, non fora ser que precisara muletas nas que arrimarse e perdéramos a boa reputación. Para erguer os osos uns días veu **Enrique de Raña** que andaba cun camión que tiña grúa; era dos de Picos da Revolta (Pedroso); outros días veu **Granado** co seu tractor. Este sempre nos deixaba algún tema de conversación. Unha vez ao irse dinos ríndose: “*agora movédeos coa pata de cabra*”. Canto sentidiño e que entendido era e segue a ser Antonio!. Desde aquel consello tiñamos o metro nunha man e na outra a pata de cabra. Parecíamos pistoleiros do Oeste. A cousa tiña que ir -así fora o trato- non ao milímetro, pero si ao medio centímetro. Dese desvío non nos podíamos pasar. Non habería encaixe posible. Pero todo o día lle demos voltas ao da pata de cabra. Quen a inventaría? Por que lle puxeron ese nome? Certo que neste caso foi antes a cabra que a pata! ... Á tardiña

chegamos á conclusión que os inventores nunca son os traballadores. O caso ben claro está na fregona. Inventouna un que nunca fregara. Pois coa pata de cabra tivo que pasar algo parecido. Seguro que foi un que apreciaba moito as uñas; non en van na véspera **Emilio Vilariño**, o veciño máis veciño, ao vernos traballar sen luvas nas mans recomendounos: *“Tede coidadiño coas uñas”*. Recomendación que tivemos moi en conta, non fora o diaño que ao remate non puidéramos firmar o “finiquito”.

Outro día volvemos chamar a **Granado**. Pretendíamos encastar os osos dos pés. Veu de contado; pero refungou e espetounos: *“Grazas a min sodes algo”*. Á **Alfonso** picoulle e rosmou: *“Grazas ao tractor. Non te chufes tanto”*. Pasada a broma, comezamos a tarefa axudados do tractor e da pata de cabra. As pezas acomodáronse ben. E tamén o chiste de Antonio deunos conversa para largo. Lembramos os primeiros compostores, os sufridos bois que carrexaran as pezas desde Moeche ... ; e indo a ceacú pola historia dos compostores -cada vez máis admirados- chegamos a Roma, pasamos por Atenas e topamos coas Pirámides de Exipto. Non tiñan tractor nin pata de cabra e ... que cousas fixeron!. Pero tiñan o que hai que ter. E nós? Pobriños! Na década dos oitenta do século pasado aínda, aínda. Pero a xente de agora gasta toda a forza no “whasateo”. Dinche de seguida aos fociños: *“que traballen as máquinas”*. Contan con que vai chegar o día en que os osos caídos se movan co móbil, non coa pata de cabra. Pero polo de agora -en canto a osos se refire- o que conseguen é escarallar as cervicais, segundo certifican os doutores con título.

Para subir as costelas veu **Enrique de Raña**. Traballo delicado. Con todo, o enfermo xa me descubrira, nos meus anos de namoro, o secreto para que fora máis doada a colocación. Había un truco ... Tiñan que quedar ben dereitiñas para non apertar o corazón. Así día a día o hórreo espertaba e comezaba a sorrir véndose e sendo visto no novo miradoiro. Para que os osos non se moveran polo xamais dos xamais fomos a procura dun cirurxián soldador que vive na Portela, chamado **Tito**. Faláranos moi ben del. Soldoulle como Deus manda os ferros que trincan pola cabeceira todo o conxunto e que nós tivéramos que cortar antes do traslado. Cando rematou, quitándose a careta dixo convencido: *“ homiños ... asegúrovos*

*que este pola cabeza non se vai*". **Alfonso** retrucoulle: *"pois polos pés tampouco"*. Eu, que empezaba a dar probas de bo compositor, matinei: "Toma! ... para recompoñer hai que asegurar ben a cachola. O segredo está en soldar e lear debidamente as *neuronas*". Precisamente o mal do amigo Arturo dicían os Doutores que estaba causado por ese desaxuste. Hoxe, despois de tantos anos, levo confirmado moitas veces esta verdade. A Tito pagueille coas grazas. El soubo corresponder: *"léveme Xudas ... aquí está un para o que faga falta"*. E foise deixándonos unha adiviña, envolto nun sorriso pícaro : *"A que non sabedes quen é o traballador máis traballador de toda a volta?"*. Rimos os tres. E, despois de irse, respondemos os dous nun tris.

Tíñamos todos os osos sans e salvos colocadiños no seu sitio. Operación arriscada, pero con final feliz. Faltábanos o teito. Agora dirixidos por **Manolo Barcia** -isto que faltaba xa non era cousa de compositores- tratamos de aproveitar a mesma madeira que tiña antes repoñendo a que estaba podre. Examinado o tema, dinos Manolo: *"Hai que rebaixar o tellado"*. *"Vaites, vaites!, -dixen eu-; iso precisamente habería que facerllo a algúns que andan por aí cacarexando"*. Manolo riu. Estando aquí en Cáceres souben que Isabel (La Católica) mandou esmoucar as torres dos pazos da Cidade porque seica as aproveitaban *"Los Innobles" para tirárense uns aos outros pedras*" e outras merdas. Ela dicía que en cada galiñeiro non pode haber máis ca un galo. (Que llo pregunten a Pardo de Cela). O que pasa é que Isabel constituíuse na única "Jaliña" das Españas poñendo, ás veces, ovos goros por falta de "jaleo" e despois tivemos que tragar a tortilla cheirenta. (Perdoa, Manolo, que meta os fociños en temas da túa incumbencia). Pero volvamos á sentenza de Barcia. O problema apareceu porque decidimos poñerlle un teito fundido que iría debaixo da lousa; iso obrigaba a rebaixar toda a madeira en cinco centímetros; os que ía ocupar ese teito. Comprobamos por propia experiencia cánto costa rebaixar os tellados. Levounos máis tempo que recompoñer os osos. Fundimos o tellado o día 2 de xuño do 87 entre os tres irmáns (**José M<sup>a</sup>, Alfonso e Ramón**) e o noso cuñado **Luciano Castiñeiras**. Non hai como a familia. Todo queda na casa.

**Barcia** encargouse de colocar o chumbo e a lousa. Nas miñas notas aparece que lle din 10.000 pesetas, pero teño dúbidas de que mas collera. Manolo sempre foi desinteresado e amigo de colaborar. Teño demasiadas probas e moitas ganas de tomar un café con el. E, co tellado posto, rematou toda a arriscada operación. Pero no canto de festa tivemos un incidente. Arranxando algo na zona da porta resulta que Alfonso esvara e cae espatelado no chan, ateigado aínda de pelouros. Non perdeu o sentido. Doíase das costas. Ao día seguinte apareceu con máis dolor nun ombro. Daquela si que houbo que ir cabo de **Abel**, o famoso compostor de Moeche, con quen tiña trato por outras curas con bo resultado. Compúxoo e foi mellorando, pero levoulle tempo.

Eu estaba encantado. Quen non o está despois de facer unha obra de tanta misericordia? Este foi case un milagre: resucitamos un morto. Por iso, en premio por non dar unha queixa en toda a operación, nese outono ateigueino de mazás traídas do igrexario de San Paio. O arrecendo que saía do hórreo embebedaba aos curiosos -foron moitos- que se achegaban a saudar ao novo inquilino. *“Pero ... que ben ule este forasteiro!”* - *“E ... de que pais viría?”*. Case ninguén o recoñecía sendo que era o patrucio de toda a redonda. Canto pensei naqueles velliños que, por mor dos fatigados osos, comezan a non saír da casa e o día do enterro murmuran os novos do lugar: *“eu xa pensei que morrera hai tempo”*. Efectivamente, comezamos a morrer o día que non saímos tomar o sol.

Pasado un tempo veume ver o amigo **Antonio Bouza**, arquitecto acreditado polas boas obras, e inviteino ver o hórreo. *“Ben ... moi ben”*, díxome. *“Pero - engadiu - poida que lle fora mellor un tellado de tella, desa de volta, para que así se vira con máis corpo”*. *“Queres dicir que lle acaería mellor un sombreiro que unha pucha”*. *“Efectivamente”* -*“Pois, meu santo, -dixen dándolle apalpadelas ao hórreo- colgareiche un sombreiro aí nun castiñeiro e pono ti os días de festa; para entre semana ben luces coa gorra”*. *“Ti, Ramón, -dime Antonio- sempre tratando de complacer”*.

**CONTAS (1986 – 87) SEN OS HONORARIOS DO COMPOSTOR.**

Entrego Alfonso (8-8-86) .....	18.000
Arturo (21-7-86).....	20.000
Entrego a Alfonso (10-9-87).....	25.000
Chumbo .....	8.550
Donativo Barcia .....	10.000
Lousa .....	10.000
Entrego Alfonso (11-1-88) .....	30.000
Camión area .....	11.000
Camión de pedra .....	16.000
Cemento e ferro .....	10.000
Total .....	158.550

Atopei esta nota, pero véxoa incompleta. Dá unha idea.